

**MEMORIA PARA O PROGRAMA
ACADÉMICO DE
SIMULTANEIDADE DE DOBRE
GRAO EN PUBLICIDADE E
RELACIÓNS PÚBLICAS E O GRAO
EN COMUNICACIÓN
AUDIOVISUAL
(Campus de Pontevedra)
Consello de Goberno de**

Artigo 1. Autorización do programa.

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa académico de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico proposto pola Facultade de Comunicación que permite simultanear os estudos de Grao en Publicidade e Relacións Públicas e o Grao en Comunicación Audiovisual mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos planos de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán.

O estudantado que supere o PAS2G en Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual obterá os dous títulos oficiais de Graduada/o en Publicidade e Relacións Públicas e Graduada/o en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo.

Artigo 3. Xustificación da oportunidade do programa académico de simultaneidade

a) Descrición e xustificación do programa

A proposta deste programa de simultaneidade xorde no marco da recente modificación do título de Grao en Publicidade e Relacións Públicas, que resposta á necesidade de actualizar os contidos académicos e aliñalos coa realidade socioeconómica actual. Esta revisión curricular permite introducir unha proposta máis flexible e adaptada aos cambios do sector, garantindo unha formación de maior calidade e adecuación as demandas profesionais. Durante o proceso de revisión da memoria do Grao en Publicidade e Relacións Públicas, identificouse un crecente interese, tanto por parte do sector audiovisual e publicitario como do propio estudantado, na creación de perfís híbridos que combinen as competencias en creación de contidos audiovisuais e que entendan a realidade do mercado publicitario e da comunicación política e institucional. A sinerxía entre ambos títulos non só responde a unha demanda específica do tecido profesional, senón que tamén supón unha vantaxe competitiva para o alumnado, que accederá a un mercado laboral cada vez máis esixente cunha formación diferenciadora.

Pode confirmarse que, ao incorporarse ao mercado laboral, un número significativo de egresados en Publicidade e Relacións Públicas buscan cumprimentar a súa formación con coñecementos específicos propios do Grao en Comunicación Audiovisual. Do mesmo xeito, é habitual que egresados en Comunicación Audiovisual procuren adquirir competencias en Publicidade e Relacións Públicas para ampliar as súas oportunidades profesionais e adaptarse ás esixencias dun mercado en constante evolución.

Por todo isto, considérase que a implantación deste programa de simultaneidade non só é oportuna, senón estratéxica e beneficiosa para fortalecer a vinculación entre a formación académica e as necesidades do sector profesional, fomentando unha aprendizaxe interdisciplinar que favoreza a empregabilidade do futuro egresado.

b) Obxectivos do Programa Académico de Simultaneidade dos Graos de Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual

O programa ten como obxectivos principais:

- **Dotar ao alumnado dunha formación interdisciplinar** que combine competencias na produción audiovisual coa planificación estratéxica en publicidade e comunicación e xestión de relacións públicas.
- **Fomentar a adquisición de habilidades na creación de contidos audiovisuais para campañas publicitarias e institucionais**, tendo en conta as tendencias do mercado e as novidades en formatos, narrativas e contidos.
- **Capacitar ao estudantado no uso de ferramentas tecnolóxicas** combinando a creatividade audiovisual coa estratexia comunicativa.
- **Formar profesionais polivalentes e competitivos** para responder ás necesidades de empresas, institucións, entidades e medios de comunicación, tanto en contornas dixitais e tradicionais.
- **Desenvolver competencias para a análise e xestión da comunicación corporativa, institucional e política**, empregando ferramentas audiovisuais para potenciar a difusión das mensaxes.
- **Atender ás necesidades específicas do mercado da comunicación** cunha perspectiva que vincule a creación de contidos e a estratexia.
- **Ter competencias para desenvolver proxectos** audiovisuais de diferentes naturezas comunicativas.
- **Coñecer o ecosistema de comunicación** do eido publicitario, o sistema audiovisual e as súas interxeccións.

c) Relevancia do programa

A creación deste PAS2G responde a unha tendencia crecente no sector da comunicación, onde a publicidade e a produción audiovisual están cada vez máis interconectadas. A dixitalización dos medios, o auxe das plataformas de *streaming*, as redes sociais e os formatos interactivos impulsaron a demanda de perfís profesionais que dominen tanto a linguaxe audiovisual como as estratexias de comunicación. A propostas axústase, ademais, ao contemplado no Plan Estratéxico da Universidade de Vigo, onde se poñen sobre a mesa eixos fundamentais como o axuste á realidade socio-económica e a busca de formación de vangarda.

Neste senso, a combinación destes dous graos resposta a unha **demanda real do mercado laboral**, onde empresas e institucións buscan profesionais con capacidade de producir contidos audiovisuais que se integren eficazmente en estratexias publicitarias, campañas institucionais, sociais e comunicación corporativa. Ademais, o programa permitirá ao alumnado adquirir unha visión global do ecosistema mediático e comunicativo, proporcionándolle unha vantaxe competitiva no seu desenvolvemento profesional.

Este PAS2G **aliñárase coas necesidades do Sistema Universitario de Galicia** onde será a única oferta que combine este tipo de estudos. O grao de Publicidade e Relacións Públicas é o único dentro do SUG e a proposta de simultaneidade co grao de Comunicación Audiovisual resulta nunha oferta competitiva que suma coñecementos e competencias clave no sector profesional.

d) Viabilidade e impacto formativo

O programa cumpre cos requisitos establecidos na normativa de Programas Académicos de Simultaneidade, garantindo:

- **A viabilidade económica**, ao aproveitar os recursos existentes na Facultade da Comunicación.
- **Unha formación innovadora e flexible**, que permite a adaptación ás tendencias do sector audiovisual e publicitario.
- **A mellora da empregabilidade do alumnado**, facilitando a súa inserción nun mercado que demanda perfís polivalentes con capacidade de adaptación aos novos formatos e linguaxes comunicativas.
- **A internacionalización e a conexión con redes profesionais e institucionais**, facilitando a mobilidade do estudantado e a colaboración con empresas e organismos do sector.

e) Saídas profesionais

O cursar o Programa Académico de Simultaneidade resultan as seguintes saídas laborais específicas ademais das contempladas nos graos obxecto deste programa:

- Dirección e produción de contidos publicitarios audiovisuais.
- Estratexia e xestión de comunicación en axencias de publicidade e márketing.
- Creación e xestión de contidos para redes sociais, plataformas dixitais e medios de comunicación.
- Consultaría en comunicación corporativa e institucional.
- Desenvolvemento de proxectos de branding e identidade visual.
- Dirección de comunicación en empresas e organizacións.
- Produción audiovisual para publicidade, televisión e plataformas dixitais.

Artigo 4. Duración do programa.

Terá unha duración de 10 cuatrimestres. O número de créditos necesarios para superar o programa será de 360 ECTS, distribuídos da forma que se reflicte no ANEXO I.

Tipo de materia	ECTS
Créditos de formación básica	78
Créditos obrigatorios	252
Créditos optativos	0
Prácticas en empresas	12
TFG Grao Publicidade e Relacións Públicas	12
TFG Grao Comunicación Audiovisual	6

Artigo 5. Centro responsable do programa.

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudante así como para a tramitación das bolsas do estudiantado, acórdase designar á Facultade de Comunicación como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do disposto no artigo 22 da Normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico de Universidade de Vigo para o procedemento de expedición de títulos oficiais.
2. Acórdase designar á Facultade de Comunicación como centro responsable das prácticas e empresa do estudiantado do PAS2G.
3. Acórdase designar á Facultade de Comunicación como centro responsable dos programas de intercambio do estudiantado PAS2G.

Artigo 6. Centro de impartición do ensino

1. Os cursos impartiranse na Facultade de Comunicación.
2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que permita ao estudiantado organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PAS2G e que contribúa a súa integración na vida de cada centro.
3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición do estudiantado con anterioridade ao período de matrícula.

Artigo 7. Coordinación do PAS2G.

1. Existirá unha persoa coordinadora do PAS2G. A súa elección correspóndelle ao Decanato da Facultade de Comunicación e será validada pola Xunta de Facultade. A persoa Coordinadora poderá ser alguén especificamente designado para esa función ou pode facerse cargo desta Coordinación algunha das persoas Coordinadoras dos dous Graos.
2. Ademais establecerase un órgano coordinador que deberá respectar a composición paritaria de mulleres e homes e estará formado por:
 - Coordinador/a do PAS2G
 - Coordinador/a do Grao en Publicidade e Relacións Públicas
 - Coordinador/a do Grao en Comunicación Audiovisual
 - Un representante do PDI elixido pola Xunta de Facultade entre os seus membros que deberá ter docencia nalgún dos Graos.
 - Un representante dos estudantes, elixido polo alumnado matriculado no PAS2G.

Artigo 8. Número de estudantes.

Para o curso académico 2026-2027 ofértanse 10 prazas.

O 50 % destas prazas detraeranse das prazas correspondentes á oferta do grao en Publicidade e Relacións Públicas e o 50 % das prazas correspondentes á oferta do grao en Comunicación Audiovisual. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno.

Para o curso académico 2026-2027 ofertase 1 praza para traslado desde outro PAS2G equivalente.

Artigo 9. Normativa

Esta memoria así como as cuestións non recollidas na presente memoria, debe rexerse polo establecido na Normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico na Universidade de Vigo, aprobada no Consello de Goberno de 30 de xullo de 2025.

ANEXO I

PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA

PRIMEIRO CURSO - 72 ECTS

Curso 1 - Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53783	Fundamentos da Publicidade	FB	Grao 1	6
53781	Deseño gráfico I	OB	Grao 1	6
19723	Teoría e Técnica da imaxe	FB	Grao 2	6
19731	Lingua: Lingua Galega	FB	Grao 2	6
19721	Lingua española: expresión textual e visual	FB	Grao 2	6
19722	Socioloxía: Socioloxía da comunicación	FB	Grao 2	6
TOTAL C1				36

Curso 1 - Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53788	Fundamentos das Relacións Públicas	FB	Grao 1	6
53789	Creación de contidos I. Redacción	FB	Grao 1	6
53798	Estatística aplicada á Publicidade e ás RRPP	OB	Grao 1	6
19727	Comunicación: Documentación Audiovisual	FB	Grao 2	6
19728	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	FB	Grao 2	6
19726	Comunicación: Teoría e Historia da Comunicación	FB	Grao 2	6
TOTAL C2				36

SEGUNDO CURSO - 72 ECTS

Curso 2 - Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53780	Economía aplicada á Publicidade e as RRPP	FB	Grao 1	6
53794	Creatividade I	OB	Grao 1	6
19734	Teoría e técnica da montaxe	OB	Grao 2	6
19732	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais	FB	Grao 2	6
19725	Teoría e técnica da fotografía	OB	Grao 2	6
19733	Xéneros cinematográficos	OB	Grao 2	6
TOTAL C1				36

Curso 2 - Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53787	Teoría e Historia da Propaganda	FB	Grao 1	6
53800	Planificación e técnicas das Relacións Públicas I	OB	Grao 1	6
19737	Narrativa Audiovisual	OB	Grao 2	6
19729	Teoría e técnica cinematográfica	OB	Grao 2	6
19739	Guion Audiovisual	OB	Grao 2	6
19764	Perfis profesionais en redes sociais	OB	Grao 2	6
TOTAL C2				36

TERCEIRO CURSO - 72 ECTS

Curso 3 - Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53790	Marketing estratéxico	OB	Grao 1	6
53791	Creación e xestión de marca	OB	Grao 1	6
53805	Planificación e técnicas das Relacións Públicas II	OB	Grao 1	6
19743	Realización Audiovisual	OB	Grao 2	6
19735	Dirección de fotografía	OB	Grao 2	6
19742	Posproducción I	OB	Grao 2	6
TOTAL C1				36

Curso 3 - Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53799	Creatividade II	OB	Grao 1	6
53796	Marketing operativo	OB	Grao 1	6
53797	Planificación estratéxica I. Estratexia de comunicación	OB	Grao 1	6
19738	Expresión sonora	OB	Grao 2	6
19748	Guion, produción e realización de ficción	OB	Grao 2	12
TOTAL C2				36

CUARTO CURSO - 72 ECTS

Curso 4 - Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53802	Planificación estratéxica II. Planificación de medios	OB	Grao 1	6
53795	Estrutura publicitaria e xestión de contas	OB	Grao 1	6
53803	Deseño gráfico II	OB	Grao 1	6
19745	Dirección artística	OB	Grao 2	6
19755	Guion, produción e realización de informativos	OB	Grao 2	12
TOTAL C1				36

Curso 4 - Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53806	Marco Normativo da Publicidade e as Relacións Públicas	OB	Grao 1	6
53808	Creación de contidos IV. Dixital	OB	Grao 1	6
53809	Comunicación política	OB	Grao 1	6
53807	Planificación estratéxica III. Medición y avaliación	OB	Grao 1	6
19753	Contornas virtuais de comunicación	OB	Grao 2	6
19749	Guion y diseño transmedia	OB	Grao 2	6
TOTAL C2				36

QUINTO CURSO - 72 ECTS

Curso 5 - Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53817	Fotografía publicitaria e de produto	OB	Grao 1	6
53818	Tendencias narrativas en medios de comunicación	OB	Grao 1	6
53804	Creación de contidos III. Comunicación sonora	OB	Grao 1	6
19756	Desenvolvemento de proxectos web e multimedia	OB	Grao 2	6
19759	Creación Audiovisual en Novos Medios	OB	Grao 2	6
19741	Cine de no ficción	OB	Grao 2	6
TOTAL C1				36

Curso 5 - Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da Materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
53821	Proxectos e portfolio	OB	Grao 1	6
53823	Traballo de Fin de Grao	OB	Grao 1	12
19766	Traballo de Fin de Grao	OB	Grao 2	6
19765	Prácticas en empresas	OB	Grao 2	12
TOTAL C2				36

ANEXO II

A) As materias de **formación básica** do Grao en Publicidade e Relacións Públicas e o Grao en Comunicación Audiovisual que se recollen na seguinte táboa recoñeceranse pola superación das seguintes disciplinas de formación básica do programa de simultaneidade.

Táboa de recoñecementos Formación Básica:

GRAO Publicidade e Relacións Públicas			PAS2G		
Código materia	Nome da Materia	ECTS	Código materia	Nome da Materia	ECTS
53780	Economía aplicada á Publicidade e as RRPP	6	53780	Economía aplicada á Publicidade e as RRPP	6
53785	Empresa: organización, xestión e emprendemento	6	19732	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais	6
53782	Teoría e Historia da Comunicación	6	19726	Comunicación: Teoría e Historia de la Comunicación	6
53783	Fundamentos da publicidade	6	53783	Fundamentos da Publicidade	6
53784	Imaxe e tecnoloxía dos medios publicitarios	6	19728	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	6
53788	Fundamentos das Relacións Públicas	6	53788	Fundamentos das Relacións Públicas	6
53789	Creación de contidos I. Redacción	6	53789	Creación de contidos I. Redacción	6
53793	Escritura académica e profesional: Galego	6	19731	Lingua: Lingua Galega	6
53792	Escritura académica e profesional: Castelán	6	19721	Lingua española: expresión textual e visual	6
53786	Fundamentos da fotografía	6	19725	Teoría e técnica da fotografía	6
53787	Teoría e Historia da Propaganda	6	53787	Teoría e Historia da Propaganda	6

GRAO Comunicación Audiovisual			PAS2G		
Código materia	Nome da Materia	ECTS	Código materia	Nome da Materia	ECTS
19723	Comunicación: Teoría e técnica da Imaxe	6	19723	Comunicación: Teoría e técnica da Imaxe	6
19732	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais	6	19732	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais	6
19726	Comunicación: Teoría e Historia de la Comunicación	6	19726	Comunicación: Teoría e Historia de la Comunicación	6
19728	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	6	19728	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	6
19724	Comunicación: Comunicación escrita	6	53789	Creación de contidos I. Redacción	6
19731	Lingua: Lingua Galega	6	19731	Lingua: Lingua galega	6
19721	Lingua española: expresión textual e visual	6	19721	Lingua española: expresión textual e visual	6
19736	Empresa: Marketing de productos audiovisuales	6	53796	Marketing operativo	6
19727	Comunicación: Documentación audiovisual	6	19727	Comunicación: Documentación audiovisual	6
19722	Socioloxía: Socioloxía da Comunicación	6	19722	Socioloxía: Socioloxía da Comunicación	6

B) Os créditos das seguintes disciplinas **obrigatorias** do Grao en Publicidade e Relacións Públicas reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias, optativas ou de formación básica do programa de simultaneidade:

Táboa de reconecementos Obrigatorias:

GRAO Publicidade e Relacións Públicas			PAS2G		
Código materia	Nome da Materia	ECT S	Código materia	Nome da Materia	ECT S
53781	Deseño gráfico I	6	53781	Deseño gráfico I	6
53790	Marketing estratéxico	6	53790	Marketing estratéxico	6
53791	Creación e xestión de marca	6	53791	Creación e xestión de marca	6
53794	Creatividade I	6	53794	Creatividade I	6
53795	Estrutura publicitaria e xestión de contas	6	53795	Estrutura publicitaria e xestión de contas	6
53796	Marketing operativo	6	53796	Marketing operativo	6
53797	Planificación estratéxica I. Estrategia de comunicación	6	53797	Planificación estratéxica I. Estrategia de comunicación	6
53798	Estatística aplicada á comunicación	6	53798	Estatística aplicada á comunicación	6
53799	Creatividade II	6	53799	Creatividade II	6
53800	Planificación e técnicas das Relacións Públicas I	6	53800	Planificación e técnicas de Relacións Públicas I	6
53801	Creación de contido II. Audiovisual Publicitaria	6	19743	Realización Audiovisual	6
53802	Planificación estratéxica II. Planificación de medios	6	53802	Planificación estratéxica II. Planificación de medios	6
53803	Deseño gráfico II	6	53803	Deseño gráfico II	6
53804	Creación de contido III. Comunicación Sonora	6	53804	Creación de contido III. Comunicación Sonora	6
53805	Planificación e técnicas das Relacións Públicas II	6	53805	Planificación e técnicas das Relacións Públicas II	6
53806	Marco normativo da publicidade e as Relacións Púb.	6	53806	Marco normativo da publicidade e as Relacións Públicas	6
53807	Planificación estratéxica III. Medición y evaluación	6	53807	Planificación estratéxica III. Medición y evaluación	6
53808	Creación de contidos IV. Dixital	6	53808	Creación de contidos IV. Dixital	6
53809	Comunicación política	6	53809	Comunicación política	6
53810	Dirección de comunicación	6	19735	Dirección de fotografía	6
53821	Proxectos e portfolio	6	53821	Proxectos e portfolio	6
53822	Prácticas en empresas	12	19765	Prácticas en empresas	12

C) Os créditos das seguintes disciplinas **obrigatorias** do Grao en Comunicación Audiovisual reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias, optativas ou de formación básica do programa de simultaneidade:

GRAO Comunicación Audiovisual			PAS2G		
Código materia	Nome da Materia	ECTS	Código materia	Nome da Materia	ECTS
19736	Empresa: Marketing de produtos audiovisuais e multimedia	6	53796	Marketing operativo	6
19725	Teoría e técnica da fotografía	6	19725	Teoría e técnica da fotografía	6
19729	Teoría e técnica cinematográfica	6	19729	Teoría e técnica cinematográfica	6
19730	Comunicación radiofónica	6	53804	Creación de contido III. Comunicación Sonora	6
19733	Xéneros cinematográficos	6	19733	Xéneros cinematográficos	6
19734	Teoría e técnica da montaxe	6	19734	Teoría e técnica da montaxe	6
19735	Dirección de fotografía	6	19735	Dirección de fotografía	6
19737	Narrativa Audiovisual	6	19737	Narrativa Audiovisual	6
19738	Expresión sonora	6	19738	Expresión sonora	6
19739	Guion Audiovisual	6	19739	Guion Audiovisual	6
19740	Deseño e desenvolvemento de produtos interactivos	6	53808	Creación de contidos IV. Dixital	6
19742	Posproducción I	6	19742	Posproducción I	6
19743	Realización Audiovisual	6	19743	Realización Audiovisual	6
19744	Estratexias publicitarias para produtos audiovisuais	6	53797	Planificación estratéxica I. Estrategia de comunicación	6
19748	Guion, produción e realización de ficción	12	19748	Guion, produción e realización de ficción	12
19749	Guion e deseño transmedia	6	19749	Guion y diseño transmedia	6
19750	Programación para produtos audiovisuais	6	53802	Planificación estratéxica II. Planificación de medios	6
19754	Propaganda en medios audiovisuais	6	53787	Teoría e Historia da Propaganda	6
19755	Guion, produción e realización de informativos	12	19755	Guion, produción e realización de informativos	12
19756	Desenvolvemento de proxectos web	6	19756	Desenvolvemento de proxectos web	6

D) Os créditos das seguintes disciplinas **optativas** do Grao Publicidade e Relacións Públicas e o Grao en Comunicación Audiovisual recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias, optativas ou de formación básica do programa de simultaneidade e serán de matrícula obrigatoria segundo o itinerario marcado na táboa E.

Táboa de recoñecementos:

GRAO Publicidade e Relacións Públicas			PAS2G		
Código materia	Nome da Materia	ECTS	Código materia	Nome da Materia	ECTS
53812	Innovación publicitaria	6	19753	Contornas virtuais de comunicación	6
53816	Novos soportes publicitarios	6	19759	Creación Audiovisual en novos medios	6
53817	Fotografía publicitaria e de produto	6	53817	Fotografía publicitaria e de produto	6
53818	Tendencias narrativas en medios de comunicación	6	53818	Tendencias narrativas en medios de comunicación	6

GRAO Comunicación Audiovisual			PAS2G		
Código materia	Nome da Materia	ECTS	Código materia	Nome da Materia	ECTS
19753	Contornas virtuais de comunicación	6	19753	Contornas virtuais de comunicación	6
19759	Creación Audiovisual en novos medios	6	19759	Creación Audiovisual en novos medios	6
19745	Dirección artística	6	19745	Dirección artística	6
19763	Produción e realización de contidos de marca	6	53818	Tendencias narrativas en medios de comunicación	6
19764	Perfis profesionais en redes sociais	6	19764	Perfis profesionais en redes sociais	6

E) O estudantado que vai cursar este programa de simultaneidade realizará, polo tanto, o seguinte programa de materias:

Táboa de materias do Programa de Simultaneidade PRP/CAV:

BLOQUE I. MATERIAS DE FORMACIÓN BÁSICA (78 ECTS)

Código materia	Nome da Materia	ECTS
19728	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	6
19726	Comunicación: Teoría e Historia de la Comunicación	6
19723	Comunicación: Teoría e técnica da imaxe	6
53789	Creación de contidos I. Redacción	6
19727	Documentación audiovisual	6
53780	Economía aplicada á Publicidade e as RRPP	6
19732	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais	6
53783	Fundamentos da Publicidade	6
53788	Fundamentos das Relacións Públicas	6
19721	Lingua española: expresión textual e visual	6
19731	Lingua: Lingua Galega	6
19722	Socioloxía: Socioloxía da comunicación	6
53787	Teoría e Historia da Propaganda	6

BLOQUE I. MATERIAS OBRIGATORIAS (252 ECTS)

Código materia	Nome da Materia	ECTS
19741	Cine de non ficción	6
53809	Comunicación política	6
19753	Contornas virtuais de comunicación	6
19759	Creación Audiovisual en novos medios	6
53804	Creación de contidos III. Comunicación Sonora	6
53808	Creación de contidos IV. Dixital	6
53791	Creación e xestión de marca	6
53794	Creatividade I	6
53799	Creatividade II	6
53781	Deseño gráfico I	6
53803	Deseño gráfico II	6
19756	Desenvolvemento de proxectos web e multimedia	6
19745	Dirección artística	6
19735	Dirección de fotografía	6
53798	Estadística aplicada á Publicidade e as relacións Públicas	6
53795	Estrutura publicitaria e xestión de contas	6
19738	Expresión sonora	6
53817	Fotografía publicitaria e de produto	6
19739	Guion Audiovisual	6
19749	Guion y diseño trasnmedia	6
19748	Guion, produción e realización de ficción	12
19755	Guion, produción e realización de informativos	12
53806	Marco normativo da publicidade e as Relacións Públicas	6
53790	Marketing estratéxico	6
53796	Marketing operativo	6
19737	Narrativa Audiovisual	6
19764	Perfis profesionais en redes sociais	6
53800	Planificación e técnicas das Relacións Públicas I	6
53805	Planificación e técnicas das Relacións Públicas II	6
53797	Planificación estratéxica I. Estratexia de comunicación	6

53802	Planificación estratéxica II. Planificación de medios	6
53807	Planificación estratéxica III. Medición e avaliación	6
19742	Posproducción I	6
53821	Proxectos e portfolio	6
19743	Realización Audiovisual	6
53818	Tendencias narrativas en medios de comunicación	6
19729	Teoría e técnica cinematográfica	6
19725	Teoría e técnica da fotografía	6
19734	Teoría e técnica da montaxe	6
19733	Xéneros cinematográficos	6

BLOQUE IV. PRÁCTICAS EXTERNAS E TRABALLO DE FIN DE GRAO (30 ECTS)

Código materia	Tipo de materia	ECTS
19765	Prácticas en empresas	12
53823	TFG Grao Publicidade e Relacións Públicas	12
19766	TFG Grao Comunicación Audiovisual	6